# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15026406 | IES Eduardo Pondal | Ponteceso | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 24 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 25 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 26 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 26 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 27 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 28 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 28 |
| 7.2. Actividades complementarias | 29 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 30 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 31 |
| 9. Outros apartados | 31 |

## 1. Introdución

Xeografía e Historia forman unha dualidade inherente: a Xeografía estuda o espazo (territorio) e os fenómenos que ocorren neste, mentres que a Historia encárgase de estudar os fenómenos dun determinado espazo ao longo do tempo.
A Historia é a herdanza do noso pasado, mentres que a Xeografía axúdanos a comprender o comportamento do home co seu medio. Coñecer e comprender a Xeografía e Historia é de gran relevancia, en tanto que dan respostas e explican o porque das dinámicas da nosa sociedade actual dun xeito crítico e reflexivo. Non podemos esquecernos do ámbito artístico, ao cal debemos aproximarnos obrigatoriamente para comprender o aspecto máis creativo do ser humano e valorar a riqueza patrimonial e cultural que posuímos. Debe ser a arte un recurso directo nas aulas, xa que a maioría das manifestacións artísticas serven para exemplificar unha época, un feito, un espazo, unha forma de vida, cousa que axuda a comprender múltiples conceptos das disciplinas anteriormente citadas.
Que as novas xeracións coñezan a Historia, a Xeografía e a Arte e saiban interpretalas e valoralas, non só é importante para que conten cuns coñecementos xerais, senón tamén para que poidan comprender o mundo no que viven, que poidan aprender dos seus acontecementos e consecuencias. Isto será aproveitado para o seu futuro, que en última instancia, é o futuro da nosa sociedade.
Con esta idea xorde a presente programación, contextualizada no IES de Ponteceso, que se atopa no concello de co mesmo nome, enmarcado nas Rías Centrais, na subcomarca da Ribeira Baixa do Anllóns, bisbarra de Bergantiños e supracomarca da Costa da Morte (A Coruña). De escarpada orografía e a unha hora de Coruña e Santiago, este municipio de catorce parroquias e dous núcleos urbáns (Ponteceso, Corme), a economía xira ao redor do sector primario (pesca e agricultura) e secundario (construcción e derivados). A situación de Ponteceso - centrípeta dentro da Ribeira Baixa do Anllóns - determinou a creación do IES, a partir dun centro de FP (Administrativo e Automoción) preexistente: Mantense aínda a rama de automoción, engadíndose o pasado curso 2022/2023 a rama de "Atención a personas en situación de dependencia".
Dentro deste contexto, cobra importancia o estudo da Xeografía, da Historia da Arte. O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.
O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Polo tanto deberemos conectar co presente do alumnado os contidos, as habilidades e as actividades a desenvolver mediante as estratexias docentes de ensino. Prestarase atención en especial ao que concerne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos á defensa e á conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular, e tamén da contorna próxima ao alumnado. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.
No curso 2023/24 están matriculados en 1º da ESO 41 alumnos e alumnas, divididos en dúas aulas: 1ºA con 22 alumnos/as e 1ºB con 19 alumnos/as.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 1-2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | 1 | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 1-5 | | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 1-5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | 1 | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | 1 | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 1-2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O planeta Terra e a súa representación | Características principais da Terra: tanto da súa localización no espazo como dos seus movementos e as consecuencias dos mesmos. | 10 | 10 | X | | |
| 2 | Os medios naturais. O relevo e a hidrosfera. | Formación e transformación do relevo así como definición dos principais elementos do relevo e localización dos mesmos sobre mapas.<br>Traballaranse as distintas capas da Terra e tamén todo o que ten que ver coa hidrosfera. | 10 | 10 | X | | |
| 3 | O tempo atomosférico. | Elementos e factores que permiten analizar o tempo atmosférico, facendo especial incidencia en como condicionarán os climas. | 10 | 10 | X | | |
| 4 | Os climas e as súas paisaxes. | Elementos e factores do clima. Características principais dos climas mundiais. Elaboración e comentario de climogramas. | 10 | 10 | | X | |
| 5 | Impacto humano sobre o medio | Coñecer a influencia das accións humanas | 10 | 8 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | natural e a emerxencia climática | sobre o medio e como inflúe nos grandes problemas e riscos ambientais. | 10 | 8 | | X | |
| 6 | As sociedades prehistóricas | Introdución ás características da Historia e principais etapas xerais.<br>Análise da sociedade, economía e arte durante a Prehistoria. Principais etapas e características. | 10 | 12 | | X | |
| 7 | Primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto. | Coñecemento dos trazos básicos das primeiras civilizacións no tocante á economía, sociedade, organización política e arte.<br><br>Coñecemento dos trazos básicos das primeiras civilizacións no tocante á economía, sociedade, organización política e arte. | 10 | 12 | | X | |
| 8 | Grecia. | Coñecemento dos trazos básicos da civilización grega no tocante á economía, sociedade, organización política e arte. | 10 | 13 | | | X |
| 9 | Roma. | Coñecemento dos trazos básicos da civilización romana no tocante á economía, sociedade, organización política e arte. | 10 | 13 | | | X |
| 10 | A Península Ibérica na Antigüidade | Avanzar no coñecemento da Península Ibérica na Idade Antiga, dende os pobos íberos aos bárbaros, que anuncian o comezo da Idade Media. | 10 | 7 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O planeta Terra e a súa representación | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fondos cartográficas. Coñece o vocabulario específico e é quen de utilizalo para resolver satisfactoriamente actividades ou tarefas. | PE | 60 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | É capaz de expor a información xeográfica básica. | | |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sabe elaborar e comprender planos e mapas simples. | TI | 40 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de expor a información básica contida nun mapa de diversas categorías ou nunha imaxe sobre elementos propios da Xeografía. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | É capaz de expor a información básica contida nun mapa de diversas categorías ou nunha imaxe sobre elementos propios da Xeografía. | | |
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | Coñece varias accións de defensa da contorna | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Os medios naturais. O relevo e a hidrosfera. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Coñece os contidos relacionados co relevo e a hidrosfera e é quen de explicalos cun vocabulario xeográfico axeitado. | PE | 60 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Emprega terminoloxía xeográfica na descrición dos medios naturais, así como na formación dos mesmos e evolución dos mesmos. | | |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sabe elaborar planos ou croquis simples. Localiza correctamente sobre o mapa distintos elementos xeográficos. | | |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais | TI | 40 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de elaborar un esquema relacionando diversos aspectos da formación e variación dos medios naturais. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | É capaz de expor a información básica da unidade dando exemplos e argumentos á súa explicación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | O tempo atomosférico. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Coñece as dinámicas básicas da climatoloxía e é quen de interpretalas a través de distintas tarefas como, por exemplo, a análise de mapas do tempo mediante o uso de vocabulario específico axeitado para o nivel e etapa. | PE | 60 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | É quen de analizar información representada en mapas do tempo. | | |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Coñece o vocabulario específico e é quen de usalo axeitadamente na resolución de tarefas, actividades e producións propias. | TI | 40 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Coñece a información máis relevante da unidade e é quen de sintetizala a través de distintas tarefas. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | Expresa as opinións propias respectando as dos demais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. |

| Contidos |
|---|
| - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Os climas e as súas paisaxes. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de empregar terminoloxía xeográfica nas súas interpretacións. | PE | 60 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Coñece o vocabulario xeográfico propio da unidade e é quen de demostralo en diversas tarefas. | | |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sabe elaborar planos e mapas simples ou recoñece información sobre planos ou imaxes dadas. | | |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Sabe recoñecer nun mapa ou imaxe as características propias dos climas e das súas paisaxes, prestando especial atención aos propios de Galicia e España. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de expor a información básica contida nun mapa ou en gráficas como os climogramas. | TI | 40 |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | É quen de expor o aprendido dando exemplos e argumentando en favor ou en contra dende o respecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes |

| Contidos |
|---|
| - naturais e os efectos do cambio climático.<br>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Impacto humano sobre o medio natural e a emerxencia climática | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Expón os contidos básicos traballados durante a unidade. | PE | 60 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Usa, con rigor, o vocabulario específico relacionado coa unidade. | | |
| CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Mantén unha postura favorable cara os Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Amosa preocupación polas problemáticas climáticas actuais. | TI | 40 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Recolle e organiza a información, discriminando o principal do secundario. | | |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Interésase por investigar a analizar as principais problemáticas da sociedade. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | Expresa a opinión propia dando argumentos e respectando a do próximo. | | |
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | Sabe dar argumentos a prol da necesidade da conservación da contorna inmediata. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. |
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. |
| - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. |
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. |
| - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. |
| - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | As sociedades prehistóricas | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Utiliza de xeito rigoroso o vocabulario específico da disciplina. | PE | 60 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de organizar a información a través de distintos sistemas. | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Distingue entre fontes primarias e secundarias e utilízaas para coñecer acontecementos da Prehistoria. | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de organizar os contidos traballados a través de distintas tarefas, discriminando o principal do secundario. | TI | 40 |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Resolve distintas tarefas ou proxectos amosando que domina os conceptos básicos da Evolución, o Paleolítico, o Neolítico e a Idade dos metais. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Coñece as distintas etapas da Historia e da Prehistoria e é quen de plasmalas en gráficas como, por exemplo, eixos cronolóxicos. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Coñece os xeitos de organización sociais propias da Prehistoria. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | Expresa as súas opinións de xeito argumentado, relacionando coa información traballada na unidade e respectando a dos compañeiros e compañeiras. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Comprende a igualdade real entre homes e mulleres entendendo os cambios na mesma ao longo dos diversos momentos históricos. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Entende o patrimonio como un elemento importante, digno de admiración e conservación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Comprende e relaciona a información obtida e é quen de expresalo axeitadamente. | PE | 60 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Utiliza de xeito rigoroso o vocabulario específico da disciplina. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Comprende que os procesos históricos poden ser simultáneos e e é quen de representalo en gráficas como, por exemplo, liñas do tempo. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Entende os xeitos de organización social, económica e política tanto de Mesopotamia como de Exipto tendo clara a función de cada grupo no conxunto social da súa civilización. | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Sabe onde e cando naceron as culturas mesopotámica e exipcia. | | |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Valora as primeiras civilizacións como berce das actuais. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Comprende o patrimonio artístico e cultural como algo a poñer en valor, defender e dar a coñecer. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Resolve distintas tarefas ou proxectos amosando que domina os conceptos básicos sobre Mesopotamia e Exipto. | TI | 40 |
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Comprende a organización das primeiras sociedades e como foron evolucionando a través do tempo. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de organizar a información a través de distintos sistemas. | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Coñece distintas fontes primarias relacionadas coas primeiras civilizacións e comprende a importancia da invención dos distintos sistemas de escritura traballados na unidade. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | É quen de incorporar o aprendido sobre Exipto e Mesopotamia para dar argumentos nas súas explicacións respectando sempre as dos compañeiros e compañeiras. | | |
| CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos. | Comprende que os estereotipos e discriminacións son propios de cada época e valora positivamente a súa superación por seren elementos negativos. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Comprende que nas sociedades antigas non existía igualdade entre homes e mulleres e reflexiona sobre a necesidade de actuar en contra de calquera discriminación. | | |
| CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal. | Comprende a evolución dos cambios de vida dende as primeiras civilizacións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. |

| Contidos |
|---|
| - Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Grecia. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Utiliza de xeito rigoroso o vocabulario específico da disciplina demostrando que coñece os termos básicos do mundo grego. | PE | 60 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Distingue entre fontes primarias e secundarias e utilízaas para coñecer o desenvolvemento do mundo grego. | | |
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | Comprende as orixes remotas da democracia actual para poder analizala de xeito crítico. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Entende os xeitos de organización social, económica e política da antiga Grecia, entendendo as diferentes formas de goberno, de organización social e a evolución artística ao longo do tempo. | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Comprende as distintas etapas da historia da Antiga Grecia relacionándoas coa evolución artística. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | É quen de incorporar o aprendido sobre a Antiga Grecia para dar argumentos nas súas explicacións respectando sempre as dos compañeiros e compañeiras. | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Comprende e relaciona a información obtida e é quen de expresalo axeitadamente. | TI | 40 |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Resolve distintas tarefas ou proxectos amosando que domina os conceptos básicos sobre a Antiga Grecia | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de organizar a información a través de distintos sistemas. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Comprende que os procesos históricos poden ser simultáneos e e é quen de representalo en gráficas como, por exemplo, liñas do tempo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Comprende a Hélade como berce da civilización occidental. | | |
| CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade. | Comprende a necesidade de organizar distintas formas de goberno (democracia, tiranía, monarquía, oligarquía...) entendendo que situacións de inxustiza xeran cada unha. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Comprende que nas sociedades antigas non existía igualdade entre homes e mulleres e reflexiona sobre a necesidade de actuar en contra de calquera discriminación. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Comprende o patrimonio artístico e cultural como algo a poñer en valor, defender e dar a coñecer. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. |

| Contidos |
|---|
| - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Roma. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Comprende e relaciona a información obtida e é quen de expresalo axeitadamente. | PE | 60 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Utiliza de xeito rigoroso o vocabulario específico da disciplina, prestando especial atención ao vocabulario latino e artístico en concreto. | | |
| CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. | Coñece a expansión do Imperio Romano pola Península Ibérica e como a Gallaecia queda baixo a súa órbita. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Comprende que os procesos históricos poden ser simultáneos e e é quen de representalo en gráficas como, por exemplo, liñas do tempo. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Entende os xeitos de organización social, económica e política na antiga Roma tendo clara a función de cada grupo no conxunto social da súa civilización.<br>Entende os distintos sistemas de organización política que se desenvolveron ao longo da Historia Antiga de Roma. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Coñece a relixión politeísta romana, a súa inspiración na grega e como rematou por impoñerse o cristianismo. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Comprende o patrimonio artístico e cultural como algo a poñer en valor, defender e dar a coñecer. | | |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Resolve distintas tarefas ou proxectos amosando que domina os conceptos básicos da historia de Roma e da súa evolución ao longo das tres etapas (monarquía, república e imperio). | TI | 40 |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de organizar a información a través de distintos sistemas. | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Distingue entre fontes primarias e secundarias e utilízaas para coñecer acontecementos e evolución da Antiga Roma. | | |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Comprende a herdanza latina. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | É quen de incorporar o aprendido sobre Roma para dar argumentos nas súas explicacións respectando sempre as dos compañeiros e compañeiras. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Comprende que nas sociedades antigas non existía igualdade entre homes e mulleres e reflexiona sobre a necesidade de actuar en contra de calquera discriminación. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. |

| Contidos |
| --- |
| - Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.<br>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 10 | A Península Ibérica na Antigüidade | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Utiliza de xeito rigoroso o vocabulario específico da disciplina. | PE | 60 |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Resolve distintas tarefas ou proxectos amosando que domina os conceptos básicos da fin do Imperio Romano e dos asentamentos dos pobos xermánicos. | | |
| CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. | Entende as achegas á actualidade de elementos tan afastados no tempo como o reino Suevo. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É quen de incorporar o aprendido sobre a antigüidade na P.I. para dar argumentos nas súas explicacións respectando sempre as dos compañeiros e compañeiras. | TI | 40 |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Comprende a chegada dos pobos suevos somo influencia de elementos actuais que van dende a toponimia ata a organización parroquial galega. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | É quen de incorporar o aprendido sobre a caída do Imperio Romano e as invasións xermanas para dar argumentos nas súas explicacións respectando sempre as dos compañeiros e compañeiras. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. |

| Contidos |
| --- |
| - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Mediante os aspectos metodolóxicos e as estratexias didácticas pretendemos a formación do alumnado tanto no campo cognitivo como no intelectual. No campo cognitivo, queremos superar a idea de formar "cabezas ben cheas", é dicir, con moitos contidos e todos de carácter memorístico, sen establecer relacións entre eles e pasar ao concepto de cabezas "ben feitas", que son aquelas que teñen unha estrutura cognitiva, relacionan conceptos e teñen unha gran capacidade de adquirir información, o cal non quere dicir que non teñan conceptos.
O protagonista do proceso de ensino e aprendizaxe debe ser o alumnado, non a materia nin a profesora: o alumnado debe ser o motor da súa propia aprendizaxe. A concepción construtivista do ensino permite, ademais, garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegurar que os/as alumnos/as poderán utilizar o aprendido en circunstancias reais. Óptase polo método de ensino- aprendizaxe construtivista que implica levar a cabo a aprendizaxe significativa. As vantaxes inherentes a esta aprendizaxe son as seguintes:
- O coñecemento que se adquire retense durante un período de tempo máis longo, é dicir, fíxase de xeito máis estable na estrutura cognitiva.
- A información que se asimila aumenta a capacidade de aprender outros conceptos relacionados.
- A información dada con moita rapidez, aínda que se esqueza co tempo, xa enriqueceu a estrutura cognitiva porque provocou a ampliación das ideas relevantes do alumno/a.
E, para poder levar acabo toda esta exposición teórica debemos ter en conta os seguintes aspectos prácticos:
- O punto de partida será sempre os coñecementos previos.
- Poñerase especial énfase na funcionalidade das aprendizaxes de maneira que os contidos poidan ser aplicados a distintas situacións.
- Os contidos de cada bloque non deben parecer illados, senón que os alumnos/as descubrirán as relacións que hai entre eles.
- Propiciarase o traballo cooperativo e a educación non sexista.
- Potenciarase o uso de distintas formas de expresión, tanto oral como escrita.
- Propoñeranse investigacións e actividades para desenvolver as capacidades cognitivas (facer conxeturas, formular hipóteses, comprobalas, argumentalas...)
O desenvolvemento de competencias vai acompañado dunha práctica pedagóxica esixente tanto para o alumnado como para o profesorado. Para o alumnado, porque se debe implicar na aprendizaxe e debe adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo.
Para a docente, porque terá que despregar os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver as aprendizaxes propias da área incluíndo o desenvolvemento das competencias clave, e poder alcanzar así os obxectivos.
Preténdese que o alumnado sexa o protagonista da súa aprendizaxe, é dicir, que sexan elas e eles mesmos os que cheguen a conclusións sobre as cuestións presentadas pola profesora. Así, presentaranse de xeito sintético os elementos principais de cada un dos bloques de contidos, formulando unhas cuestións- guía que fixen ao alumnado o camiño para chegar ás súas conclusións. Utilizarase o me¿todo de ensinanza por descubrimento, que promova unha aprendizaxe significativa, perdurable, pra¿ctica e u¿til. Este me¿todo levarase a cabo durante todo o curso, especialmente no traballo das situacións de aprendizaxe que se propoñen ao principio de cada tema, que estarán intimamente ligadas cos saberes básicos e destrezas. A trave¿s do traballo con estas situacións de aprendizaxe trataremos aspectos pro¿ximos a¿ realidade do alumnado nos que trataremos de fomentar o traballo auto¿nomo e activo do alumnado.

Estes saberes, poderán (e deben) ser plasmadas nos cadernos do alumnado de distinto xeito (apuntamentos, breves textos expositivos, esquemas...). Tamén se proporán actividades que axuden a sintetizar e fixar aquelas aprendizaxes máis esenciais. Deste xeito, combinarase unha parte de clase maxistral e outra máis práctica. Porén, non se entende a primeira como unha mera exposición de contidos por parte da profesora (lembremos que non queremos "encher cabezas") senón como unha sorte de diálogo arredor dun tema proposto, no que o conxunto do grupo sexa participante activo, respectándose entre si e gardando as quendas de intervención así como argumentando as súas exposicións.Deste xeito, ao rematar cada unha das unidades didácticas o caderno de cada alumna e alumno serviralles de guía para preparar a proba.
Doutra banda, introducirase xa dende o primeiro curso da ESO a técnica do comentario. Dende textos, gráficas e mapas ata obras artísticas ou paisaxes serán obxecto de análise e comentario por parte do alumnado. Con isto perséguense diversos elementos. En primeiro lugar, un momento de pausa e reflexión individual de cada quen sobre o que está vendo; en segundo, unha reflexión en relación a outros coñecementos previos; en terceiro, a expresión de ideas propias, de xeito complexo, completo e argumentado, ben oralmente, ben por escrito. Así, ao longo da etapa da ESO, o alumnado irá producindo textos e reflexións máis complexas, permitindo observar unha evolución da súa propia aprendizaxe.
A plataforma Edixgal, entendida non como un libro de texto senón como unha aula virtual en sentido amplo, supón un complemento ás aulas presenciais e unha ferramenta básica de traballo e comunicación cos diversos grupos, tanto entre o alumnado como coa profesora. Permite elaborar e expoñer traballos, tanto individuais como colaborativos; planificar e marcar distintas datas de entrega, probas ou actividades programadas; colgar materiais (de elaboración propia ou non) así como enlaces (a páxinas, vídeos, audios...) de contido científico. Supón unha guía moi útil para o propio traballo do alumnado e un xeito excepcional de traballar a competencia dixital. Por iso, a través dela entregaránselles materiais para o traballo así como se proporán entregas e tarefas das que o alumnado coñecerá tanto a cualificación como as correccións ou propostas de mellora ou de ampliación.
Agrupamento do alumnado, espazos e tempos
As actividades contarán cun agrupamento, espazo e tempos diversos, atendendo á intencioón educativa que se persegue en cada unha, así como a densidade dos contidos a tratar. Terase moi en conta, ademais, o curso no que se atopa o alumnado e as súas conseguintes capacidades psicoevolutivas.
Realizaranse actividades en gran grupo sobre todo nas actividades iniciais, utilizando a choiva de ideas ou pequenos debates como actividades de desenvolvemento. Botaremos man do traballo en pequenos grupos en momentos puntuais nas actividades de desenvolvemento, nos traballos por proxectos ou actividades nas que a opinión ou a perspectiva de varios alumnos enriquezan a actividade. Empregarase tamén o agrupamento por parellas para que o alumnado poida colaborar mutuamente sen chegar ás grandes distraccións que pode supor un grupo máis numeroso. O traballo individual levarase a cabo naquelas actividades dedicadas á avaliación do progreso do alumnado, e en actividades de desenvolvemento como nos comentarios de texto e gráficas.
Falando dos espazos, habitualmente usarase a aula ordinaria. Ademais da aula ordinaria dispoñemos da biblioteca do centro, a aula de informática, ou o salón de actos. Puntualmente faranse visitas e saídas para levar a cabo as actividades complementarias programadas.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Plataforma Edixgal |
| Materiais de elaboración propia (tanto dixitais como en papel) |
| Audiovisuais como documentarios ou filmes. |
| Saídas ou actividades complementarias na contorna. |
| Portafolio ou caderno do alumnado |
| Bibliografía |

Ademais de utilizar os recursos de editoriais, etc. propios da plataforma, sacaráselle partido como aula virtual para entrega e recollida de traballos, materiais varios, etc. Ademais, a profesora elaborará diversos materiais, tanto dixitais (Kahoots, presentacións e infografías, etc) ou en papel (boletíns, pósters, etc) que poñerá a disposición do alumnado por distintos medios. Como é lóxico, o alumnado terá á súa disposición os recursos da biblioteca do centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras sesións do curso realizaranse cuestionarios relacionados con contidos e estándares correspondentes ao curso previo a través de diferentes ferramentas e formatos que poden ir dende un boletín de actividades en papel, ata un cuestionario na plataforma Edixgal ou mediante o uso de outras ferramentas dixitais educativas.
Tamén é importante facerse unha idea sobre os coñecementos previos que o grupo ten acerca da temática a traballar durante o presente curso, ben sexa porque se traballaron ao longo da EP, ben sexa porque tiveron acceso aos mesmos "por cultura xeral". Esta información resulta de vital importancia de cara a como enfocar as aulas.
Non menos importante é coñecer o grado de desenvolvemento das competencias así como o grado de autonomía no traballo. Por isto, prepararanse cuestionarios e actividades que permitan coñecer o grado de competencia lingüística, tanto no oral como na escrita. Outras ferramentas que poden achegar información salientable para a avaliación inicial é poden ser os coloquios e debates que organizar durante as primeiras sesións. Así, observarase o nivel de expresión e relación de aprendizaxes así como a súa interacción entre iguais. Esta avaliación terá carácter diagnóstico e será de axuda para determinar as necesidades específicas do alumnado de cara ao traballo durante o curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 |

| Unidade didáctica | Total |
|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **100** |
| **Proba escrita** | **60** |
| **Táboa de indicadores** | **40** |

**Criterios de cualificación:**

- AVALIACIÓNS PARCIAIS.

60%: media das probas escritas. Se un alumno ou alumna non pode presentarse a unha destas probas e a súa ausencia está debidamente xustificada coa documentación oportuna, realizará a proba, preferentemente, na primeira sesión logo da súa reincorporación. Se nunha proba escrita se detecta que un alumno ou alumna está copiando, retiraráselle a proba e cualificarase cun 0.
A probas escritas puntuaranse nunha escala de 0 a 10 e consistirán na realización dunha serie de preguntas e tarefas

de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.
40%: caderno de clase, producións do alumnado, entregas e traballos... Deberán cumprir as instrucións (forma, prazo...) achegadas en cada caso así como manter unha presentación coidada e un vocabulario específico axeitado. Tamén se terá en conta a participación no día a día, as achegas e intervencións oportunas e con respecto á quenda de palabra, aos compañeiros e compañeiras e á materia así como a limpeza e orde nas tarefas e no posto de traballo. Para todo iso levarase un caderno de seguimento do alumnado no rexistrar as informacións.
A entrega en forma e prazo é importante para adquirir un hábito de traballo e unha preparación alén da vida académica. Xa que logo, as actividades que non sexan entregadas en forma e prazo de acordo coas instrucións dadas, puntuaranse cun 0. Se se detecta plaxio nas actividades ou traballos entregados, puntuaranse cun 0.
Unha avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. Se a docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.
Cando o alumnado non acade o 5 nas avaliacións parcias, terá a oportunidade de recuperalas nunha proba por avaliación, cuxos criterios se especifican no apartado seguinte.

- AVALIACIÓN FINAL:

Para superar a materia cada unha das tres avaliacións parciais ten que ser igual ou superior a 5. Para calcular a cualificación do alumnado coas avaliacións parciais superadas, farase a media aritmética das 3 avaliacións. O alumnado que non cumpra este requisito, deberá realizar unha proba de recuperación no mes de xuño, nos últimos días lectivos.

**Criterios de recuperación:**

Atenderase ás especiais circunstancias propias da materia, xa que ao longo do curso se traballan especialidades moi diferentes (Xeografía, Historia e Arte). Xa que logo, por non ser unha materia sumativa, para superala é preciso que cada unha das avaliacións parciais sexa igual ou superior a 5.
Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá nunha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor) e/ou dun boletín de actividades de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. A parte práctica deberá ser entregada en forma e prazo.
Para calcular a nota da recuperación considérase o 60% da parte teórica (avaliada cos criterios anteriormente citados) mantendo o 40% da parte práctica da avaliación.
Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superir a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.
Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correcións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.
No caso de que non se recuperen as avaliacións durante o curso, o alumnado poderá someterse á última proba de xuño. O alumnado cunha avaliación non superada, realizará a proba extraordinaria desa avaliación. No caso de ter dúas ou tres avaliacións sen superar, a proba versará sobre o conxunto do curso. Novamente, considerarase o curso aprobado cando a cualificación sexa igual ou superior a 5. Neste caso, a cualificación da avaliación final coincidirá coa obtida nesta proba (sen decimais).

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.
O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
g) Seguimento e avaliación.
g) Acreditación da información á familia

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade poderán ser de carácter ordinario a partir dunha avaliación inicial tendo en conta a evolución de cada alumno/a e do conxunto dos diferentes grupos. Segundo isto, a profesora irá programando medidas de reforzo ordinario cando foran precisas, sempre en coordinación co Departamento de Orientación. Tamén en colaboración co devandito departamento e, poñéndoo en coñecemento das familias, poderán realizarse adaptacións curriculares, así como calquera outra medida necesaria que así se acorde.
A homoxeneidade nunha clase non existe e, en calquera caso, non é desexable. Para tratar a diversidade como unha riqueza e non como unha rémora optarase por recoñecer a existencia da mesma no marco escolar e consideala como un factor positivo, axilizar e adaptar a intervención pedagóxica para responder ás necesidades, provocar interaccións de todo tipo e multiplicar as posibilidades de coordinacións entre os diferentes niveis, que non serán estancos, desenvolver a colaboración e a solidariedade entre os niveis, que se considerarán como complementarios e non como inferiores ou superiores, e acostumar ao alumnado a non emitir xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión ou de produción dos seus compañeiros e compañeiras, permitir a maior liberdade de expresión posible, calquera que sexa a maneira de expresarse, fomentar a autoavaliación e a coavaliación formativa...
Con respecto ao reforzo educativo, é unha medida de atención á diversidade ordinaria que pode afectar a todos os elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, a todo o incluído no ámbito da metodoloxía. Así, poderá ser aplicado a todo aquel alumnado que presente dificultades para seguir o proceso ordinario de ensino- aprendizaxe ou que presenta un desfasamento curricular pouco significativo.Polo tanto, é unha medida dirixida a calquera alumno ou alumna que presente dificultades nun momento dado, teña ou non Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
Algunhas das posibles medidas poden comprender o establecemento de secuencias de contidos básicas para todo o alumnado e coñecementos de maior complexidade para algúns; deseño de actividades a distintos niveis (de reforzo ou de ampliación); consideración de distintos tempos para a realización de actividades; utilización de distintos materiais complementarios; engadir actividades de recuperación, afianzamento ou consolidación; adaptacións xerais nas probas e instrumentos de avaliación; atención preferente a determinado alumnado que o precise; secuencia de actividades en pasos máis sinxelos ou con maior brevidade na explicación; segmentar as tarefas dunha mesma pregunta; poñer algún exemplo de como resolver a tarefa; deseño de actividades de menor esixencia, como preguntas de "verdadeiro/ falso".

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | | X | | | X | | | |
| ET.2 - Educación ambiental | | X | X | X | X | | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | | | | | X | X | X | X |
| ET.4 - Emprendemento | | | | | X | | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | | | | X | X | | | |
| ET.7 - Educación para a paz | | | | | | X | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | | | | X | | | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | | |
| ET.2 - Educación ambiental | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | X | X |
| ET.4 - Emprendemento | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | | |
| ET.7 - Educación para a paz | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | | |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos, históricos e artísticos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.
Ademais, preténdese que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visitas a exposicións e museos | Complementaria | X | | |
| Visitas a lugares de interese histórico, cultural, etnográfico ou xeográfico. | Complementaria | | X | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Actividades audiovisuais | Complementaria | X | X | X |
| Roteiros didácticos | Complementaria | | | X |

**Observacións:**

A materia de Xeografía e Historia favorece o deseño de actividades de ensino e aprendizaxe que teñen en conta un espazo e recursos diferentes aos que podemos atopar no centro educativo. As actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.
Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:
-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A planificación da materia adaptouse ás necesidades da aula e aos tempos do curso. |
| Metodoloxía empregada |
| O seguimento do alumnado permitiu detectar e solventar as dificultades xurdidas. |
| Os instrumentos de avaliación foron variados e adaptados ás necesidades dos grupos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Os materiais elaborados pola profesora resultan de utilidade para o alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| O número de probas e esixencia das mesmas axeitábanse ás características do grupo. |
| Atendeuse axeitadamente á diversidade na aula. |
| Clima de traballo na aula |
| O traballo da profesora conseguiu motivar e fomentar a aprticipación do alumnado no día a día na aula. |

**Descrición:**

Para a avaliación da práctica docente da profesora, crearase unha enquisa virtual e anónima, indagando a opinión do alumnado acerca das actividades propostas, da utilidade dos materiais de traballo, da adecuación ou non e da cantidade das probas realizadas, propostas de cambios e melloras, elementos a manter... A idea é obter información o máis sincera e fiable posible, polo feito de ser un cuestionario virtual e anónimo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica analizaranse nas distintas reunións do departamento. Nelas, prestarase especial atención ao grado de seguimento e adecuación das unidades didácticas previstas en cada momento, así como ao grao de desenvolvemento dos contidos previstos nas mesmas. Analizarase, tamén, a adecuación á temporalización proposta, intentando buscar os mecanismos que permitan revisar os desaxustes atopados de cara a mellorar a programación do curso presente, mais tamén para telo en conta de cara á programación de vindeiros cursos.
Prestarase atención, tamén, a se o nivel de afondamento e consecución dos elementos curriculares avanza segundo o agardado para as características dos grupos ou se, precisamente polas mesmas, cómpre facer reaxustes e modificacións, tanto para lograr un maior afondamento se resultaban superficiais como para alixeiralos se a maioría do grupo non era quen de adaptarse ás esixencias.
A Programación Didáctica é un documento dinámico e aberto, que terá que recibir os axustes necesarios segundo as circunstancias que implica o proceso de ensino-aprendizaxe: características do alumnado, horas lectivas dispoñibles, eventuais imprevistos, etc. Estes factores e outros poden levar a modificacións e axustes puntuais en distintos momentos do desenvolvemento do curso.
Ao comezar cada curso académico, a Programación realizarase tendo en conta a información obtida durante o desenvolvemento do curso anterior. Intentarase, xa que logo, dar solución ás eventuais problemáticas que se presentaran, manter os elementos que funcionaron de xeito positivo e incorporar aquelas achegas e ideas de mellora.
Aínda así, o carácter aberto da Programación permite ir facendo axustes durante o curso. Estes cambios quedarán reflectidos no Libro de Actas do Departamento e a través do apartado "Seguimento" da propia aplicación PROENS.
Ao rematar o curso, levarase a cabo unha avaliación final. Esta presenta dúas vertentes. Por unha banda, os resultados académicos mesmos, que achegan información sobre o cumprimento da Programación, aínda que por suposto neles tamén inciden outros factores, como as características de cada grupo de alumnado, horas de clase, imprevistos... Por outra banda, o conxunto dos membros do Departamento fará unha reflexión sobre a necesidade de incorporar axustes ou modificacións para o curso vindeiro. Estas análises quedarán reflectidas na documentación correspondente como, por exemplo, as actas do Departamento e/ou a Memoria de final de curso.

# 9. Outros apartados